



Información- FONDOLIBROS E AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR Cursos 3º,4º,5º e 6º de E.P.

Estimadas familias:

No **DIARIO OFICIAL DE GALICIA** do martes 20 de maio de 2021 publicouse a Orde *pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto para os alumnos matriculados en 3º,4º,5º,6º de educación primaria no curso escolar 2021-22*

Os requisitos para poder solicitar esta axuda son os seguintes :

- Estar matriculado en 3º,4º,5º ou 6º de Educación Primaria durante o curso 2021-22
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 € no importe sobre a renda do ano 2019.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2019, sumaranse a base imponible xeral (**recadro 435**) e a base imponible do aforro (**recadro 460**) e a base imponible do aforro (recadro 460).; cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes :

- As solicitudes, según o anexo I a esta orde, enviámolas a través dos nenos-as con esta nota informativa
- Poden cubrirse directamente na Sede Electronica da Xunta de Galicia, **NESTE CASO SERÁ UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO, NO FORMULARIO NORMALIZADO (ANEXO I), na aplicación informática FONDOLIBROS, (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), A TRAVÉS DCHAVE 365, DNI ELECTRÓNICO ou CERTIFICADO DIXITAL**
- Se a solicitude se entrega no CEIP, **PARA OS IRMÁNS ESCOLARIZADOS NO MESMO CENTRO CÚBRESE UNHA ÚNICA SOLICITUDE.**
- **SE PRESENTADES AS SOLICITUDES NO CENTRO EDUCATIVO, facédeo ANTES DO 20 DE XUÑO de 2020. Se presentades na SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA, o prazo será ata o 20 de xuño incluído.**
- **Para as familias que decidan presentar as solicitudes no colexio, PODEDES ENVIAR A SOLICITUDE CUBERTA E ASINADA, MAILA DOCUMENTACIÓN NECESARIA, POLOS NENOS-AS. SE PREFERIDES ENTREGAR VÓS TODO, CONTACTADE COA DIRECTORA A TRAVÉS DO TELÉFONO DO CEIP PARA DESIGNAR DÍA E HORA NO QUE PODEDES ACHEGAR TODO ANTES DO 20 DE XUÑO.**

Documentación Xunto coa solicitude, presentárase a seguinte documentación :

a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

E, se é o caso:

c) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR (50 euros)

Para alumnado de Educación Primaria con renda familiar igual ou inferior a **6.000 euros.**

Venres 21 de maio de 2021
A Dirección